

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 59

ano 10

xullo-agosto 2015

Franciscanos e clarisas en Ourense (III) VIDA EXTRAMUROS


Neste número de Fron da presentamos un **Estado de contas** (1832) do convento de San Francisco de Ourense realizado no contexto da **exclaustración** propiciada polo estado liberal do s. XIX. O documento fai un reconto dos ingresos da comunidade conventual e reflicte o papel que a orde franciscana tiña na **cura** (salvación) das ánimas. Nese estado podemos apreciar diversos ingresos procedentes das **mortallas**, dos oficios (enterramentos, honras e asistencias) e das misas (cantadas e de maior estipendio).

Desde a Idade Media ata ben entrado o século XIX era habitual nos testamentos encomendar a alma ao “seráfico padre” San Francisco, incluír entre as mandas piadosas a fundación ou encargo de **misas** póstumas e pedir ser amortallado co **hábito** desta orde. Os crentes, confiaban que coa mediación do santo de Asís se lles abrirían antes as portas do ceo e se acurtaría a estancia da alma no **Purgatorio**, ese lugar (“status”) no que, na tradición católica, aquela se purifica dos castigos que aínda lle faltan por cumprir para a expiación dos seus pecados.

San Francisco gozaba dun gran prestixio coma o mellor imitador de Cristo, e pensábase que podía descender ao Purgatorio todos os anos, na súa festa, o 4 de outubro, para rescatar a alma dos seus seguidores e devotos para levalas ao Paraíso. A influencia social dos franciscanos e o prestixio do seu fundador, reportoulle á Orde substanciaosos **ingresos** procedentes dos encargos de misas e da venda de mortallas. As clases sociais acomodadas viron nesta mortalla un medio de achegarse tras o pasamento á **pobreza** e á **humildade** representados por San Francisco e os seus sucesores. Querían aproximarse ao ideal de austeridade cristiá desatendido durante a súa vida; partindo dunha relixiosidade descoñecedora das verdades da fe. Este comportamento representaba unha manifestación externa da procura de alivio e salvación no crucial momento da morte.

A adquisición directa da mortalla no convento garantía o seu **poder taumátúrxico**, a súa capacidade de obrar prodixiosamente, grazas á bendición eclesiás-

tica e a outros elementos que certificaban a súa autenticidade fronte aos frecuentes **fraudes** froito dunha picaresca que desexaba aproveitarse crematísticamente da venda de hábitos falsos.



1832, maio, 15. Ourense.

Estado de contas do convento de San Francisco de Ourense, realizado polo pai gardián José Fernández, co fin de presentalo á reunión no convento de San Francisco de Santiago de Compostela.

Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 6 follas; 21 x 30 cm.

AHPOu. Delegación Provincial do Ministerio de Facenda de Ourense, C. 2276.

Predicación, misións e devocións

A diferenza das ordes monásticas, a actividade primordial das ordes mendicantes, coma a dos franciscanos, non é a vida contemplativa dentro dos muros conventuais. En cumprimento do mandato de San Francisco a súa **misión** esencial é a **predicación** itinerante extramuros “anunciando aos homes a paz e a penitencia na remisión dos pecados” co fin de “acrecentar a santa familia” dos crentes e procurar a salvación das súas ánimas.

Dende o **púlpito** difundiron con convicción a pobreza evanxélica e xa na Idade Media substituíron o uso do latín polas linguas vernáculas para facer accesible a súa mensaxe a todos os estratos sociais. Algúns predicadores destacaron pola súa proverbial elocuencia, como **Fr. Juan Francisco Suárez Parada** (Trasmiras, 1782- Ourense, 1868), superior do convento de **San Antonio de Ribadavia**, quen por ese talento era coñecido como “Pico de Oro”; e do que o AHPOu conserva os seus sermóns no fondo Carlos Taboada Tundidor.

Os **missioneiros** percorreron o mundo espallando o seu credo, ao tempo que establecían un enriquecedor intercambio cultural coas terras de Oriente e de América. Algúns franciscanos de orixe ourensá foron exemplos destacados da arriscada labor misioneira: **San Francisco Blanco** (Tameirón, A Gudiña c.1570- Nagasaki, 1597), martirizado en Xapón; o beato **Fr. Juan Jacobo Fernández**, nado en Moire, Piñor de Cea, en 1808, e martirizado en Damasco (1860); ou **Sebastián Aparicio** (A Gudiña 1502- México 1600), impulsor das comunicacións en América e patrón dos emigrantes galegos.


O permanente contacto cos fieis a través da predicación, as tarefas asistenciais, e o gran número de segrares integrados na **Venerable Orde Terceira**, a rama secular da orde, outorgáronlle unha gran influencia social a esta. Unha boa proba é o grande arraigo popular das **devocións** franciscanas, entre as que destaca a de **San Antonio de Padua** (Lisboa 1195-Padua, 1231), especialmente coma protector das mulleres, dos nenos e dos pobres. É invocado para atopar obxectos perdidos. A súa imaxe xunto ao neno Xesús está fortemente gravada no imaxinario devocional colectivo. Hoxe segue a ser un dos santos máis venerados da cristiandade.

Actividades asistenciais

A **asistencia** a peregrinos, pobres e enfermos tamén foi unha das actividades propias dos franciscanos, xa fose nas enfermarias e hospedaría dos seus conventos ou a través do patrocinio de establecementos asistenciais, como o que exerceron sobre o **Hospital da Nosa Señora dos Anxeles** de Ribadavia. Este hospital foi fundado polos cabaleiros hospitalarios na Idade Media, baixo a advocación do seu santo patrón, pero a mediados do s. XVI atopámosto nas mans do concello nun evidente estado de abandono; ata o punto de que estaba tan “exangüe de recursos” que os pobres e peregrinos

nos que se achegaban a el recibían “un gran detrimento y trabajo” por non “seren consolados” e “hospedados” como era mester, segundo as palabras subscritas polo seu benfeitor **Bartolomé Yáñez** no ano 1560.

Pero a prosperidade que a doazón deste crego, reitor da Igrexa de san Bartolomeu en Pontevedra, deu a o hospital foi efémera, polo que o Concello determinou ceder a súa administración á **Orde Franciscana**, aos hospitalarios **obregones**. O esforzo destes debeu ser grande para cumprir cos labores de beneficencia. Pero a vida do hospital foi dificultosa, a pesar das importantes **doazóns** que tivo no século XVIII, de José Salgado Moscoso e de José Mera Soto. Finalmente, no XIX, pasou a ser xestionado pola administración pública, a través dunha **Xunta de Beneficencia**.



Libranza dunha esmola outorgada polos patróns do Hospital da Nosa Señora dos Anxeles de Ribadavia a favor de dous pobres ingresados no Hospital. AHPOu, Concello de Ribadavia, caixa 361.

Documentos do Hospital

No AHPOu consérvanse documentos interesantes para coñecer mellor a pegada da Orde Franciscana na provincia de Ourense. Entre eles os do fondo do **Concello de Ribadavia** e os do Hospital da Nosa Señora dos Anxeles, de mediados do século XIX, que nos dan unha imaxe del a través da razón de bens mobles e alfaías, o regulamento do réxime interior, e un receiptario.

galicia

ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

XUNTA
DE GALICIA

Texto: Pablo Sánchez Ferro, D.L. O 67/2006; ISSN 2659-3491